

Reto tecnolóxico 3

Departamento que propón o reto:

- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Axencia Galega de Emerxencias)

1.- Áreas/temas nos que o departamento quere investigar/innovar co obxectivo de mellorar a prestación de servizos públicos a través de UAVs .

Autonomía de baterías; sistemas de protección das pas dos rotores con eficiencia aerodinámica; sistemas de estabilización que melloren as características técnicas do UAV co fin da súa utilización en situacións meteorolóxicas adversas; sistema de guiado por satélite en zonas de difícil ou inexistente cobertura por radio; rexistro “caixa negra” en caso de accidente do UAV; accesorio para o recuento de aforamento en concentracións humanas; UAVs anfibios para procuras subacuáticas; apoio ás comunicacións por radio en situacións de catástrofe / desastre, IMV (Incidente de múltiples vítimas).

2.- Actividades ou procesos intensivos en recursos do departamento susceptibles de mellorar mediante o emprego de solucións baseadas en UAVs .

O abano de posibilidades de mellora vai ligado á limitación do propio UAV, xa que todas as parcelas relacionadas coa xestión de emerxencias son susceptibles de mellora ou de valor engadido coa utilización destes aparellos. Así, podemos falar de emerxencias relacionadas con accidentes industriais, asociados a actividades humanas en situacións de meteoroloxía adversa, procura de persoas desaparecidas, salvamento e socorrismo, riscos antrópicos, radio comunicacións e seguridade, entre outras.

3.- Retos técnicos ou tecnolóxicos que deberían solventar ditas solucións (inclúese neste apartado a integración das solucións nos actuais procesos ou plataformas tecnolóxicas do departamento)

4.- Equipo xestor e técnico que achega o departamento para colaborar co socio tecnolóxico.

Persoal técnico e directivo: 3 persoas

5.- Mellora operacional, optimización de procesos, redución de custos... que espera conseguir coa implantación das solucións baseadas en UAVs.

No caso relacionado coa xestión de emerxencias considérase como obvio o seu uso e valor engadido en melloras operacionais, optimización de recursos e redución de riscos e custos económicos asociados á actividade implícita da xestión operacional das emerxencias.